

## REAL ACADEMIA GALEGA DE CIENCIAS

### Resposta do Académico Pedro Merino ao discurso de ingreso do novo Académico Dr. Arquitecto, César Portela Fernández-Jardón.

#### SAÚDOS

Sr. Presidente da Real Academia Galega de Ciencias.

Sra. Presidenta do Consello da Cultura Galega.

Sr. Vicerreitor de Política Científica, Investigación e Tecnoloxía da Universidade da Coruña.

Sr. Delegado Institucional do Consejo Superior de Investigaciones Científicas.

Sr. Presidente de Honra da Real Academia Galega de Ciencias.

Dignísimas Autoridades.

Prezados colegas da Academia.

Familiares e amigos de D. César Portela.

Miñas Donas e meus Señores.

Este acto académico ten unha fasquía singular, xa que celebramos unha das cerimonias máis entrañábeis da institución, o ingreso dun novo membro, o Profesor e Doutor Arquitecto, César Portela Fernández-Jardón.

Permítanme, que as miñas primeiras palabras sexan para agradecer aos meus colegas terme encargado a honrosa tarefa de dar resposta ao seu discurso de ingreso e poder glosar, aínda que necesariamente de xeito sucinto, os seus perfís creativo, científico, docente e humano.

Cando na Sección de Ciencias Técnicas propuxemos nomealo Académico de Número da RAGC, foron moitas as razóns que sustentaron a proposta, xa que eramos dabondo conscientes dos seus méritos e da obriga que tiñamos de recoñecelos, e tamén do que supoñía dar acubillo a quen, a súa vez, achegaba prestixio e honra á Academia ao aceptar xenerosamente este nomeamento.

E a proposta foi asumida, e feita súa, polo Pleno da Academia, como sempre o é, se as razóns e as querenzas coinciden.

Sabiamos, ademais, que con esta proposta se cumprían as arelas dos seus moitos colaboradores que tiveron a fortuna de compartir con el traballos, emocións, anhelos e desvelos, e se expresaba a satisfacción de quen cada día utiliza as súas vivendas e edificios administrativos ou institucionais, como foi o meu caso durante moitos anos ao impartir unha boa parte da miña docencia nas aulas da Escola Superior de Enxeñaría de Minas da Universidade de Vigo, mergullado na paisaxe do monte Galiñeiro e do encoro de Zamáns.

Sen esquecer as de tantas e tantos mozas e mozos que tendo sido alumnos seus, lembran con ledicia as súas ensinanzas.

Permítanme agora salientar algúns dos méritos do electo, xa que forma parte do rito e da necesidade, por máis que todos os asistentes sexan coñecedores da importancia da obra creada por César Portela e da influencia que está a ter na formación da moderna tradición arquitectónica galega.

Convén, pois, lembrar aqueles feitos máis significativos da súa dilatada e fecunda traxectoria profesional que se inician nos anos 1966 e 1968, nos que remata a súa gradación e o seu doutoramento, respectivamente, na *Escuela Técnica Superior de Arquitectura de Madrid*.

O primeiro que chama a atención, e polo tanto convén salientar, é a súa inmensa e plural obra arquitectónica que abrangue vivendas públicas e privadas, edificios administrativos, culturais e institucionais, e a creación, restauración ou remodelación de espazos públicos.

Así, nas súas máis de trinta vivendas proxectadas, amosase nidiamente o desexo que acabamos de escoitar de César Portela, de que *“os seus usuarios se sintan ben protexidos, cómodos e a gusto”* e, ademais, teñan un engadido de liberdade para o seu espírito. César Portela ten confesado moitas veces a súa imposibilidade de proxectar unha vivenda que non fose capaz de habitar.

E nas súas vivendas públicas, como as construídas para unha comunidade xitana en *Campañó*, as da *Choupana* en Cangas do Morrazo e as de *Belvís* en Santiago de Compostela, imponse, ademais, o seu sentido da

racionalidade para aproveitar ao máximo os sempre escasos recursos dispoñíbeis.

Pero é na obra pública onde se manifestan todas as súas múltiples facianas como arquitecto.

Así, as rehabilitacións das casas reitorais de *Marín* e *Pazos de Arenteiro* en Boborás, os mercados e lonxas municipais de *Bueu* e *Ribeira*, os consistorios de *Pontecesures*, *Cesuras*, *Forcarei* e *Brión*, os edificios multiúsos e casas de Cultura en *Vilalba*, *Cangas do Morrazo*, *Brión*, *Vilagarcía*, *Ponte Ledesma* e *Meira*, e as rehabilitacións das pousadas en cabo *Fisterra* e *Allariz*, son exemplos moi valiosos dunha arquitectura dotacional que abrangue desde os primeiros anos 70 do século pasado, ata os nosos días. En case todos eles, o testemuño das preexistencias mantense fronte á incorporación de novas linguaxes e nalgúns, como o cemiterio municipal de *Fisterra*, o faro de *Punta Nariga* en Malpica de Bergantiños e o Museo do Mar de Galicia en *Alcabre*, a topografía, o ceo, o mar e o silencio son os inspiradores e os protagonistas destas obras arquitectónicas. A arquitectura é o resultado, case unha consecuencia. O proxecto tenta reproducir o modo que ten a natureza de facer arquitectura, tal como el mesmo di.

Nas obras de longo empeño, César Portela trata de expresar os seus sentimentos e emocións, poñendo a traballar conxuntamente a estrutura e os espazos arquitectónicos para formar unha nova paisaxe. "*A arquitectura refírese basicamente á construción do espazo*", acaba de dicirnos. Deste xeito, ao mesmo tempo que nos lembra que a arquitectura pertence ao lugar, subliña os trazos característicos que con máis forza distinguen a arquitectura. "*O arquitecto é o que crea*", en verbas do seu inesquecible amigo Aldo Rossi.

Respondendo a esta visión, o museo científico *Domus* da Coruña, proxectado xunto con *Arata Isozaki*, situado nun promontorio rochoso, é un edificio sólido, en forma de abano que co feitío de muro curvado resiste os ventos do Orzán como a vela dun navío inchada polo vento. Este muro exterior, que constitúe a fachada marítima, é unha pantalla que oculta o interior simbolizando o corpo humano recuberto cunha epiderme.

O *Verbum*, *Casa das Palabras* en Vigo, segundo *Yago Bonet Correa*, é unha arquitectura nítida, que expresa un significado exacto: é austera, recia,

solidamente construída, sabiamente proporcionada e, ademais, colocada no lugar acaído.

O complexo formado pola *Casa de Europa* e o *Centro de Estudos Avanzados* eríxese como un monumento enclavado nunha zona privilexiada do tecido urbano de Santiago de Compostela, segundo o definiu o reitor *Darío Villanueva* no día da súa inauguración. Na restauración da *Casa de Europa* quere expresar a dimensión europea que na *Compostela dos Camiños* é inescusábel, para o que, combinou a nobreza dos materiais orixinais cun deseño vangardista que deu como resultado un definitivo realce do porte señorial e o esplendor dos tempos pasados desta casa. Soubo introducir novos valores, compatíbeis cos herdados, reforzando deste xeito a súa función principal, o intercambio científico e a proxección internacional da Universidade Compostelán.

E o *Centro de Estudos Avanzados*, cunha concepción construtiva esencialmente racional e chea de luz, que emprega a pedra, o aceiro e o vidro como materiais básicos, está concibido para situar eficazmente a Universidade de Santiago na nova sociedade do coñecemento e da información.

Moi preto deles, no mesmo predio de Vista Alegre, á beira do río Sarela, está, desde hai poucos anos, o *Museo de Historia Natural Luís Iglesias*, materializado en cubos que se agrupan, ou non, segundo interese, para dar acubillo a unha colección, que comezou a formarse a mediados do século XIX, maioritariamente con aportacións de profesores da Universidade de Santiago de Compostela, de científicos e naturalistas, así como de particulares e institucións, nun espazo interior espido e luminoso, feito de materiais visualmente moi liviáns. Toda a pel exterior do edificio é de madeira, o que facilita a súa integración na paisaxe arborada do parque e aporta ao edificio unha sensación de lixeireza e transitoriedade.

A estación de autobuses de Córdoba é un bo exemplo da *arquitectura luminosa* que tamén se manifesta noutras moitas obras de Cesar Portela, nas que a luz natural é unha constante. Como el mesmo nos acaba de lembrar, “*unha arquitectura na que a luz e a sombra son un reflexo do paso do tempo e un elemento de conexión co exterior*”. César utiliza os elementos arquitectónicos, ás veces para apresala e permitir que entre xenerosamente polos seus espazos despexados e polas fiestras, e outras,

alí onde os días solleiros son especialmente intensos, para atenuala, para mitigala e repartir os seus fulgores.

*No Auditorio e Pazo de Congresos Mar de Vigo*, César Portela enfrontouse a un reto certamente difícil, construír nun lugar tradicionalmente industrial pero, á vez, onde a cidade está en íntimo contacto coa súa ría. Para facelo adoptou unha solución arquitectónica mixta, formada por dúas fachadas, para obter unha arquitectura emblemática e monumental acorde cos seus contidos, como se fose un gran navío, feito de aceiro, granito, lousa e metal, situado fronte ao porto pesqueiro, e, ao mesmo tempo, capaz de subliñar á vez, coa súa presenza, as marxes urbana e litoral e conectalas entre si mediante unha enorme vidreira como excepcional fiestra aberta á cidade e á ría de Vigo.

Nas súas obras de rehabilitación ou reordenación do espazo público, como as actuacións no *Pazo de Baión* en Vilanova de Arousa, nas carballeiras de *Lalín* e de *Santa Minia* en Brión, a rehabilitación da illa *San Simón* en Redondela, o plan de protección do *Pazo de Oca* na Estrada, un dos pazos máis sobranceiros da arte civil galaica, ou o plan director de cabo *Fisterra*, César Portela pensa con frecuencia que o obxectivo fundamental tería que ser configurar uns espazos públicos para ser gozados e non consumidos, e o seu papel o dun artesán que restaure, que repoña, que compoña, que poña orde, que dea sentido ao existente. Deste xeito, o visitante atento que alí se achegase podería sentir a natureza e escoitar o murmurio, o rumor do lugar.

Unha faceta que non debemos esquecer do novo académico é a súa dedicación ao ensino da arquitectura. Foi catedrático de Proxectos Arquitectónicos da E. T. S. de Arquitectura da Universidade da Coruña durante máis de vinte anos (1987-2007) ata a súa xubilación, e desde a súa cátedra tentou de converter os seus alumnos en profesionais capaces de entender a realidade a través do proxecto arquitectónico, e contribuíu dun xeito eficaz, entre outras moitas tarefas, ao labor pedagóxico da Escola en prol da erradicación do “*feísmo*” en Galicia.

Polos seus coñecementos e prestixio profesional, foi Profesor Invitado en numerosas universidades e institucións de todo o mundo, entre as que caben subliñar as Escolas de Arquitectura de Pamplona, Nancy, Caracas, Lisboa e Weimar. Ademais, colaborou na organización e deseño de diversos seminarios e obradoiros de arquitectura, algúns tan relevantes como o

dirixido en colaboración con Aldo Rossi en Santiago de Compostela en 1974, os Talleres de Proxectos dos Seminarios Internacionais de Arquitectura de Nápoles, Belfort, Barcelona e Sevilla, a IV Bienal de Arquitectura de Santander, e o Seminario sobre Cultura e Natureza: Arquitectura e Paisaxe, da Universidade Internacional Menéndez Pelayo. Tamén foi Profesor Invitado con Oscar Tenreiro Deswitz do *International Integrated Architectural Studies*, organizado polo prof. Karl-Heinz Schmitz, na Escola de Arquitectura Bauhaus de Weimar, Alemania.

Tampouco debemos esquecer que a súa obra arquitectónica foi exposta en máis de vinte cidades españolas, entre elas, Madrid, Barcelona e Sevilla, e en máis de vinte e cinco capitais de todo o mundo, desde San Francisco ata Tokio como un nidio recoñecemento da proxección internacional das súas obras arquitectónicas feitas en España e noutro países como Xapón, Exipto, Venezuela e Alxeria.

Son moitos os premios e galardóns recibidos por César Portela na súa longa e intensa vida profesional. A simple enumeración de todos eles levaríanos máis tempo do que dispoñemos, polo que me limitarei a enumerar aqueles que son as mellores mostras do recoñecemento público aos seus méritos. Recibe a *Medalla de Ouro do Consello de Europa* de 1982 pola rehabilitación da Carballeira de Santa Minia e a súa contorna, o *Premio Galicia de Arquitectura* de 1989, e o *Premio European Urban and Regional Planning do Council of Town Planners da Comisión Europea* de 1994, pola recuperación e construción das marxes do río Arnoia. No ano 1998 recibe o *Premio Internacional de Arquitectura en Pedra*, de Verona pola Domus, o *Premio do Instituto Xaponés de Arquitectura* pola a súa obra da Ponte de Azuma e o *Premio Nacional de Arquitectura Española* pola Estación de Autobuses de Córdoba. No anos 2002 e 2005 recibe o *Premio Europeo de Arquitectura Philippe Rotthier* polo Cemiterio de Fisterra e polo Museo do Mar de Galicia, respectivamente. Lembremos que este premio, desde a súa primeira edición en 1982, ten honrado as obras arquitectónicas que souberon mesturar a historia e cultura do emprazamento coas necesidades actuais do proxecto, salientando o valor patrimonial da rexión e o seu legado histórico.

Ademais, desde o ano 2013, é membro da *Real Academia de Bellas Artes de San Carlos de Valencia*.

Quixera facer agora uns moi breves comentarios sobre o propio Discurso de Ingreso nesta Real Academia do Doutor Arquitecto César Portela.

O seu título *A boa Arquitectura cabalga ao unísono entre a Arte e a Ciencia*, xa nos anticipaba a súa tese central: *“Calquera obxecto arquitectónico é o resultado de confrontar desexos espaciais e artísticos, sentidos polo seu autor, coas posibilidades científicas e técnicas de que dispón”*.

E por iso, trata de afondar nas técnicas que se sustentan en principios científicos para obter delas a máxima liberdade formal, e de coidar a elección dos materiais a empregar á procura da súa idoneidade en cada caso segundo a función solicitada. Segundo el mesmo di, *“empregar os materiais axeitados e nas proporcións xustas é un valor irrenunciábel da arquitectura”*. *“Temos tamén que construír, que materializar os nosos soños empregando para iso materiais que debemos coñecer, escoller e traballar para sacarles o máximo partido de acordo coas súas específicas calidades”*.

E, certamente, penso que o conseguiu. Os materiais escollidos outorgan á súa obra arquitectónica elegancia e solidez, o que se reflicte especialmente nos granitos, cuarcitas e lousas de distintas cores dos seus exteriores, nos pavimentos de mármore branco de Macael, na madeira agarimosa, no vidro, e nos estucos polícromos para revocar paredes e teitos. En moitos casos, a súa arquitectura é forte por fora e sensual por dentro.

No seu discurso, ademais de afondar nos aspectos conceptuais da arquitectura, dun xeito maxistral e pedagoxicamente brillante, tenta darnos as trabes que sustentan a complexa natureza da arquitectura e as claves de acceso ao pensamento que guiaron o seu labor profesional ao longo da súa obra arquitectónica.

E as conclusións que obteño son que para César Portela, a arquitectura é equilibrio entre paixón e razón, entre arte e ciencia, entre utilidade e beleza. Antes de materializar un proxecto busca e encontra preexistencias que o contextualicen e o expliquen, xa sexan de orde arquitectónico, paisaxístico ou cultural, e, despois, calcula e debuxa, fala e escoita, defende o proxecto e discute e, incluso, dubida na execución, como fan todos os bos arquitectos.

Ademais, non pode concibir a arquitectura sen compromiso social, que é o que a xustifica e a diferencia doutras expresións artísticas, e evita que sexa unha arte ensimesmada.

Resumindo: funcionalidade, beleza, orde, medida e compromiso social, fan de César Portela un referente da arquitectura contemporánea.

Remato dicindo, antes de que o Sr. Presidente che dea a benvida en nome de todos os académicos, que estimula comprobar que aínda hoxe, logo de tantos anos de porfiada e frutífera dedicación, continuas a ser un profesional activo, creativo e fecundo; pouco dado a dar o barco ao vento polos logros pasados, porque estás sempre na busca de novas fronteiras intelectuais.

Por iso, coa túa entrada na Academia todos poderemos beneficiarnos do teu pulo creador.

Reitero que foi para min unha grande honra e un pracer poder responder á túa maxistral lección.

Moitas grazas a todos pola vosa atención.

Santiago de Compostela, 16 de xuño de 2021.